



La REAL FÁBRICA de LOZA de SARGADELOS

LA FÁBRICA DE LOZA

Antonio Raimundo Ibáñez, nacido el 17 de Octubre de 1749 en Ferreirela, Santa Eulalia de Oscos, Asturias, funda dos factorías en Santiago de Sargadelos, Lugo: una de fundición, para realizar ollas o potes estilo de los de Burdeos, que proveerá al estado de municiones entre 1796 y 1834, y otra de loza fina.

Tenía también proyectada una fábrica de vidrios, pero su obra queda interrumpida al ser acusado de afrancesado y asesinado el día 2 de febrero de 1809 por sus vecinos de Ribadeo, unidos al ejército del general Woster.

Las dos factorías gozarán de la protección del Tercer Batallón del Regimiento de Infantería de África, contra los ataques de las fragatas inglesas, así como de numerosos privilegios y franquicias por parte de la Corona de España, entre los que estaban la denominación honorífica de los establecimientos, el otorgamiento de los foros militares, la participación forzosa en las minas y permiso para adquirir hierro a precio bonificado. A título personal, el fundador de las factorías será nombrado Comisario de Marina de Viveiro y de la Real Orden de Carlos III y obtendrá los títulos nobiliarios de Marqués de Sargadelos y Conde de Orbaiceta.

La estrategia comercial de Raimundo Ibáñez se basaba en una política de sustitución de productos que hasta ese momento sólo podían adquirirse por importación y que resultaban novedosos en nuestro país. Será el pionero en la introducción de la fabricación de la loza fina en España, importando de Inglaterra su técnica, e introduciendo la tecnología más puntera.

PRIMERA ÉPOCA (1806-1832)

En 1809, tras el asesinato del fundador de la factoría, hereda su hijo primogénito, José Antonio Benito Ibáñez López- Acevedo. El primer director de la Real Fábrica de Loza fue Juan Antonio Pérez, que ostenta su cargo durante sólo un año, el cuál se producen sólo ensayos. Después, el portugués José Corea de Saa, permanece en la factoría durante veintidós años consecutivos, y será quién convierta los ensayos en obra definitiva.

En esta etapa se realizan objetos influenciados por la antigüedad clásica, además de vajillas , otras piezas como jarrones y bustos para adornar los jardines, plaquitas con temas mitológicos, alegóricos y bíblicos, y también piezas hechas por encargo como el botamen de farmacia del Monasterio de Oseira. El tercer director, Hilario Marcos Villanueva, de Santo Domingo de la Calzada, sólo permanece desde 1829 hasta el primer cierre de la factoría en el año 1832.

SEGUNDA ÉPOCA (1835-1842)

En esta nueva etapa la fábrica de Sargadelos reabre sus puertas bajo la razón social "Ibáñez/Tapia y Piñeiro". Al frente como director está el francés Richard, quien contará con personal técnico de su país y también de Andalucía y Levante.

Se hace loza sin decorar y también pintada a mano. Además de las piezas de vajilla se fabrican otras como candelabros y centros de mesa de estilo Neogótico que se inspiraban en los catálogos de principios del siglo XIX de la fábrica inglesa "Harley Green & Co" de Leeds.

TERCERA ÉPOCA. (1845-1862)

La compañía mercantil e industrial llamada “Luis de la Riva y Compañía” arrienda las fábricas de loza y fundición de Sargadelos a la familia Ibáñez.

El inglés Mr. Edwin Forester Heath dirigirá la fábrica de loza y gracias a sus conocimientos alcanzará su época de máximo esplendor con la introducción de las últimas novedades, tanto en técnicas decorativas, con la introducción del estampado mecánico, como la mejora en la calidad de las pastas, con la elaboración de loza fina de pedernal y la feldespática o “china opaca”. Se fabrican varios tipos de vajillas en loza blanca, estampada, fileteada, iluminada y pintada a mano. Así como juegos de café, té, los mismos pero también de juguete, piezas de tocador y números y letras para casas entre otras cosas.

CUARTA ÉPOCA. (1870-1875)

Después de algunos años de inactividad la producción de loza queda paralizada. Los técnicos que habían venido del extranjero o de otras partes de España se marchan a trabajar a otros lugares.

En esta última etapa se hace cargo de las factorías de loza y hierro, Carlos Ibáñez Varela, nieto del Fundador, que debido a la falta de liquidez tiene que ir en busca de unos socios capitalistas con los que constituye, en 1873, la sociedad “Ibáñez/Atocha y Morodo”, que tan sólo duraría dos años, tras los cuales la fábrica cierra sus puertas definitivamente.

En cuanto a la producción, ésta es una etapa de estancamiento, en la que se fabrica lo mismo que en la anterior y se reutiliza de todo, desde las planchas hasta los modelos.



Folla de sala / Galego

A REAL FÁBRICA de LOUZA de SARGADELOS

19

A FÁBRICA DE LOUZA

Antonio Raimundo Ibáñez, nacido o 17 de outubro de 1749, en Ferreirela -Santa Eulalia de Oscos- Asturias, funda dúas factorías en Santiago de Sargadelos, Lugo: unha de fundición para realizar olas ou potes estilo dos de Burdeos, que proverá o estado de municións, entre 1796 e 1834, e outra de louza fina.

Tiña tamén proxectada unha fábrica de vidros, pero a súa obra queda interrompida ao ser acusado de afrancesado e asasinado o día 2 de febreiro, de 1809, polos seus veciños de Ribadeo, unidos ao exército do xeneral Woster.

As dúas factorías gozarán da protección do Terceiro Batallón do Rexemento de Infantería de África, contra os ataques das fragatas inglesas, así como de numerosos privilexios e franquías por parte da Coroa de España, entre os que estaban a denominación honorífica dos establecementos, o outorgamento dos foros militares, a participación forzosa nas minas e permiso para adquirir ferro a prezo bonificado.

A título persoal, o fundador das factorías será nomeado comisario da Mariña de Viveiro e da Real Orde de Carlos III e obterá os títulos nobiliarios de Marqués de Sargadelos e Conde de Orbaiceta.

A estratexia comercial de Raimundo Ibáñez baseábase nunha política de substitución de produtos que ata ese momento só podían adquirirse por importación e que resultaban novidosos no noso país. Será o pioneiro na introdución da fabricación da louza fina en España, importando de Inglaterra a súa técnica e introducindo a tecnoloxía máis punteira.

PRIMEIRA ÉPOCA (1806-1832)

En 1809, tras o asasinato do fundador da factoría, herda o seu fillo primoxénito, José Antonio Benito Ibáñez López-Acevedo. O primeiro director da Real Fábrica de Louza foi Juan Antonio Pérez, que ocupa o seu cargo durante só un ano, no cal se producen só ensaios. Despois, o portugués José Corea de Saa permanece na factoría durante vinte e dous anos consecutivos e será quen converta os ensaios en obra definitiva.

Nesta etapa realízanse obxectos influenciados pola antigüidade clásica, ademais de vaixelas outras pezas como xarras grandes e bustos para adornar os xardíns, plaquiñas con temas mitolóxicos, alegóricos e bíblicos e, tamén, pezas feitas por encarga como o botame de farmacia do mosteiro da Oseira. O terceiro director, Hilario Marcos Villanueva, de Santo Domingo de la Calzada, só permanece desde 1829 ata o primeiro cerramento da factoría, no ano 1832.

SEGUNDA ÉPOCA (1835-1842)

Nesta nova etapa, a fábrica de Sargadelos reabre as súas portas baixo a razón social "Ibáñez/Tapa y Piñeiro". Ao fronte, como director, está o francés Richard, quen contará con persoal técnico do seu país e tamén de Andalucía e Levante.

Faise louza sen decorar e tamén pintada á man. Ademais das pezas de vaixela, fábranse outras como candelabros e centros de mesa de estilo neogótico que se inspiraban nos catálogos, de principios do século XIX, da fábrica inglesa "Harley Green & Co", de Leeds.

TERCEIRA ÉPOCA (1845-1862)

A compañía mercantil e industrial “Luis de la Riva y Compañía” arréndalle as fábricas de louza e fundición de Sargadelos á familia Ibáñez.

O inglés Mr. Edwin Forester Heath dirixirá a fábrica de louza e, grazas aos seus coñecementos, alcanzará a súa época de máximo esplendor coa introdución das últimas novidades, tanto en técnicas decorativas, coa introdución do estampado mecánico, como a mellora na calidade das pastas, coa elaboración da louza fina de pedernal e a feldespática ou “china opaca”. Fábrícanse varios tipos de vaixelas en louza branca, estampada, fileteada, iluminada e pintada á man; así como xogos de café, té, estes mesmos pero tamén de xoguete, pezas de toucador e números e letras para casas entre outras cousas.

CUARTA ÉPOCA (1870-1875)

Despois dalgúns anos de inactividade, a produción de louza queda paralizada. Os técnicos que viñeran do estranxeiro ou doutras partes de España marchan traballar a outros lugares. Nesta última etapa fanse cargo da factorías de louza e ferro Carlos Ibáñez Varela, neto do fundador, que debido á falta de liquidez ten que ir en busca duns socios capitalistas cos que constitúe, en 1873, a sociedade “Ibáñez/Atocha y Morodo”, que tan só duraría dous anos tras os cales a fábrica pecha as súas portas definitivamente.

En canto á produción, esta é unha etapa de estancamento na que se fabrica o mesmo que na anterior e que se reutiliza todo, desde as pranchas ata os modelos.